

RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE XULLO DE 2019, SOBRE PECHE DE CENTROS, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS E A SÚA INCIDENCIA NOS PERIODOS DE VACACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Na procura de avanzar no compromiso da Universidade de Vigo e do seu persoal coa sustentabilidade e o cambio climático, en base aos obxectivos de optimización dos recursos que permita un aforro enerxético e económico, procederáse ao peche de todos os centros, dependencias e instalacións da Universidade de Vigo entre o 7 e o 19 de agosto de 2019, ambos inclusive, que terán a consideración de vacacións anuais para todos os efectos.

Co fin de minimizar as repercusións desta iniciativa e para permitir unha máis axeitada conciliación da vida familiar e laboral do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo e a petición dos representantes sociais,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro. O persoal docente e investigador adscrito aos Campus de Ourense e Pontevedra terá dereito a gozar de 3 días de libre disposición adicionais.

Segundo. O persoal docente e investigador adscrito ao Campus de Vigo terá dereito a gozar de 2 días de libre disposición adicionais.

Terceiro. Dado que os días adicionais establecidos nos puntos primeiro e segundo se establecen como compensación da obrigatoriedade de desfrute de parte das vacacións durante un período non lectivo, estes días gozaranse preferentemente fóra das xornadas en que o persoal teña obrigas docentes.

Cuarto. Non terá dereito aos días adicionais establecidos nos puntos primeiro e segundo quen entre o 7 e o 19 de agosto de 2019 estea en situación de baixa por incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou lactación ou permiso de maternidade, adopción ou acollemento, paternidade, lactación ou violencia de xénero.

Vigo, 11 de xullo de 2019

O reitor,

Por delegación RR 01/12/2018

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer